

Mércores, 30 de xullo de 2025

Núm. 143

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****VIGO****Procedementos diversos**

RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE XEFE/A DE MUSEOS MUNICIPAIS

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 18 de xullo de 2025, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.— Desestimar a solicitude de suspensión da execución do acto obxecto de impugnación formulada en recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 6 de xuño do 2025, de aprobación das basees reguladoras da convocatoria pública para a provisión definitiva do posto de traballo de xefe/a de Museos municipais, polo procedemento de concurso específico (expediente electrónico nº 46.508-220) e citado no antecedente 4 o do presente acordo, en atención á motivación contida no informe-proposta que antecede

Segundo.— Desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 6 de xuño do 2025, de aprobación das basees reguladoras da convocatoria pública para a provisión definitiva do posto de traballo de xefe/a de Museos municipais, polo procedemento de concurso específico (expediente electrónico nº 46.508-220) e citado no antecedente 4 do presente acordo, en atención á motivación contida no informe-proposta que antecede

Terceiro.— Notificar o presente acordo aos recorrentes e persoas interesadas, ás persoas designadas como instructoras dos procedementos de provisión definitiva dos postos de traballo do Concello de Vigo, á Asesoría Xurídica Municipal (Titularidade e servizos xurídicos) e á Intervención Xeral Municipal para coñecemento, ordenando a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e diarios oficiais que correspondan, aos efectos da preceptiva publicidade.

Cuarto.— Informar que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa"

MDG

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:7AUZYQBDSL6IX



Mércores, 30 de xullo de 2025

Núm. 143

Vigo, data segundo sinatura electrónica.

O alcalde.

P.D. A Concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolución da Alcaldía de data 28.06.2024).- María Olga Alonso Suárez.

P.D. A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 28.06.2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 13.06.2025).- Patricia Rodríguez Calviño.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:7AUZYIQBDTSSL6IX

